"ENTRE IGUAIS"

IV CERTAME_DE LITERATURA_XUVENIL

Casa da Muller
Tel. 982 29 74 12
Fax 982 29 47 13
cmuller@concellodelugo.org
www.lugo.es

Concello de Lugo
Concellería de Benestar Social e Igualdade

Casa da Muller

IV CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL "ENTRE IGUAIS"

De acordo cas seguintes bases:

1.- PARTICIPANTES. Rapazas e rapaces con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

2.- PRESENTACIÓN. Os traballos serán inéditos, escritos en lingua galega. O tema será libre, baseado en calquera aspecto relacionado coa igualdade entre mulleres e homes: o reparto das tarefas do fogar, o coidado das persoas, o acceso ao traballo, etc. A extensión máxima será de cinco folios. Presentaranse por triplicado. Os traballos enviaranse sen remite e, baixo lema, indicando no sobre "IV CERTAME DE NARRATIVA XUVENIL "ENTRE IGUAIS". Nun sobre pechado e baixo o mesmo lema, indicaranse o nome e apelidos,D.N.I., enderezo, idade e teléfono da autora ou do autor.

3.- NÚMERO DE TRABALLOS. Cada participante poderá presentar un máximo de tres, dos que só un poderá ser premiado.

4.- PRAZO DE PRESENTACIÓN. Os traballos serán enviados á Casa da Muller, avda. da Coruña, 212 (parque da Milagrosa), 27003 Lugo, ata as 14 horas do día 24 de maio de 2013.

5.- PREMIOS.

Establécense dúas categorías.

CATEGORÍA DE 12 A 14 ANOS

1º PREMIO. Diploma e premio valorado en 200 €.
2º PREMIO. Diploma e premio valorado en 100 €.
3º PREMIO. Diploma e premio valorado en 60 €.

CATEGORÍA DE 15 A 18 ANOS

1º PREMIO. Diploma e premio valorado en 250 €.
2º PREMIO. Diploma e premio valorado en 150 €.
3º PREMIO. Diploma e premio valorado en 100 €.

No caso de que a xuízo do xurado os traballos non tivesen a suficiente calidade, contémplase a posibilidade de deixar un ou varios premios desertos.

6.-XURADO.- Estará integrado por:

A Concelleira de Benestar Social e Igualdade.
Unha ou un representante do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade do Concello de Lugo.
Unha técnica ou un técnico da Casa da Muller.
Unha escritora ou escritor.

7.- RESOLUCIÓN.- A resolución do xurado, que se comunicará con antelación ás persoas gañadoras, farase pública no mes de xuño de 2013.

8.- ENTREGA DE PREMIOS.- Os premios serán entregados no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente.

9.- PROPIEDADE DOS TRABALLOS. Os traballos premiados quedarán a dispor do Concello de Lugo, que poderá publicalos ou facer o uso deles que estime conveniente.

10.- DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS NON PREMIADOS. Os traballos non premiados poderán ser retirados até o día 31 de outubro de 2013.

11.- ACEPTACIÓN DAS BASES.- A participación no certame supón a aceptación total das súas bases e a decisión do xurado.

Para solicitar as bases ou máis información, poden dirixirse á Casa da Muller ou no teléfono 982 297 412. Tamén, a través do correo electrónico: cmuller@concellodelugo.org